

**PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O  
ACCESO Á UNIVERSIDADE  
ORIENTACIÓNS PARA A MATERIA “LATÍN II” (cód. 30)  
Curso 2020-2021**

De forma extraordinaria no curso 2020-2021 manteranse os mesmos contidos, a mesma estrutura de proba e os mesmos criterios de valoración utilizados no curso 2019-2020. Así pois, tal como se pode comprobar no modelo adxunto, o exame constará de catro preguntas de cinco puntos cada unha e o/a alumno/-a deberá responder soamente dúas desas preguntas.

### **PREGUNTAS 1-3**

Versarán sobre os seguintes contidos:

#### **1. TEXTOS** (ata 4 puntos)

Tradución dun fragmento dun texto latino da obra de Eutropio ou da obra de Fedro. Propóranse dous textos dun calquera dos dous autores e un texto do outro. Publicarase na páxina web da CIUG unha selección de textos concretos que poderán ser obxecto de proba este curso.

Haberá que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de latín, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

#### **2. MORFOLOXÍA E SINTAXE** (ata 1 punto)

Poderase escoller entre análise morfolóxica ou análise sintáctica dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Na análise morfolóxica haberá que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas.

Na análise sintáctica haberá que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas posibilidades admítense calquera método de análise que sexa correcto.

## **PREGUNTA 4**

Terá os seguintes contidos:

### **1. LITERATURA LATINA** (ata 2,5 puntos)

Proporanse dúas cuestións e haberá que responder só a unha delas.

Neste curso serán obxecto de avaliación exclusivamente os seguintes xéneros e autores:

- a) Teatro. Plauto
- b) Oratoria e retórica. Cicerón
- c) Historiografía. Livio
- d) Épica. Virxilio
- e) Lírica. Horacio

### **2. LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO** (ata 2,5 puntos)

Haberá que responder soamente a unha das tres cuestións propostas, cada unha delas relativa a cada un dos contidos que de seguido se indican. Para os dous últimos casos continuarase utilizando a listaxe de materiais publicada na páxina web da CIUG.

**1.** Explicación de procedementos de derivación e composición produtivos en latín e dos seus resultados na lingua galega ou na lingua castelá.

**2.** Explicación do significado de locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados.

**3.** Comentario etimolóxico de topónimos.

Santiago de Compostela, outubro de 2020

Xosé Carracedo Fraga

Director do grupo de traballo